

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que siñifica unha vaca que o que simboliza un león rampante. Xa o dixo un dos nosos economistas: "O albre xenealóxico dunha vaca de leite é máis útil que o albre xenealóxico dun aristócrata".

A vaca esqueceuse dos cornos e dános o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non nos pode dar máis.

O can será o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van polos camiños. En troques a vaca é o

amparo dos probes libres.

Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os "concursos de beleza".

A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As "señoritas" que choran pola morte dun can ridículo non comprenden a door dunha familia labrega cando se lle morre unha vaca.

Se non fose polo leite das vacas a piolleira das cibdades morreríase desnutrida. A vaca é a ama de cría da Humanidade.

O día que nós emitamos papel-
moeda non estamparemos nel o
retrato dos políticos, nin dos
sabios, nin dos artistas;
estamparíamos, somentes, a
figura dunha vaca, como símbolo
da nosa economía humanamente
distribuída.

O día que Galiza sexa unha
comunidade cooperativa,
ergueremos un gran moimento
cunha vaca en bronce dourado.

Tamén hai razas de vacas, e a
mellor é a nosa.

O día que seipamos o que val unha
vaca, Galiza quedará redimida.

CASTELAO